



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 16 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00027228P.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. OFICINA ORZAMENTARIA. Referencia: 2021/00026799Q.

Aprobación do expediente de crédito extraordinario Nº 2021-CREXT-05 de importe 313.873,59 euros financiado co remanente líquido de Tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2020, e o recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-05 para atender unha parte das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio 2020 correspondentes ao Concello de Santiago, por un importe de TRESCENTOS TRECE MIL OITOCENTOS SETENTA E TRES EUROS, CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (313.873,59 EUROS) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020.

SEGUNDO. Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-05 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións empúblicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO. Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-05, se contra o mesmo non se formulase algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coa modificación aprobada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-05 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

QUINTO: Recoñecer extraxudicialmente as obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº 1 do expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2020 por importe total de 313.873,59 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos

xustificantes de gasto emitidos polos mesmos, con imputación ás aplicacións orzamentarias cuxa habilitación se propón.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021884T.

Aprobación do expediente denominado Execución das obras de rexeneración asfática en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela.

Apróbase o expediente denominado Execución das obras de rexeneración asfática en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 685.695,85 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 143.996,13 euros. O importe total, IVE engadido, é de **829.691,98 euros**.

O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 040 15320 6190002 - - 2020 4 RLTOU 62.